

O
R
T
A
W
T

OUTONO CARRAL 2024

INFORME DE AVALIACIÓN

Carlos Lorenzo Pérez
Técnico de Cultura
Febreiro 2025



Unha vez rematado o programa 2024 de Teatro de Outono de Carral, lévase a cabo a presente avaliación co fin de obtermos datos para valorar o seu deseño e execución, así como extraermos información que posibilite mellorar futuras programacións teatrais.

No ano 2020, coas múltiples precaucións que mantiñamos coa covid19, iniciamos un proceso de avaliación específica deste ciclo teatral, que se enmarca nunha acción global de análise dos programas culturais que leva a cabo durante o exercicio o departamento de Cultura do Concello de Carral. Este proceso resultou pioneiro na paisaxe teatral galega, sendo recoñecido como unha boa práctica necesaria que se deba implantar nas programacións públicas e dados os resultados que se extraen e que resultan útiles tanto para os responsables municipais de Cultura en Carral, como para outros programadores e para as compañías teatrais galegas.

O Concello de Carral leva a cabo este tipo de avaliación do seu ciclo de teatro desde o ano 2020

Hai que indicar que o departamento de Cultura leva anos a traballar con pautas de programación que lle permitan fornecer hábitos culturais na cidadanía de Carral, á vez que no eido do teatro se formen e fidelicen novos públicos. Tendo en conta as características socioculturais locais e os niveis desexables de mellora, a programación teatral confecciónase coas seguintes premisas:

- Selección de obras que resulten atractivas para o público xa habitual dos ciclos escénicos e para quen carece do hábito de consumo teatral. Análise dos principais valores de produción.
- Espectáculos que aporten coñecemento, transmitan valores sociais e culturais e fomenten o uso da lingua galega.
- Confección da programación con diferentes xéneros e estéticas escénicas.
- Prioridade ás producións galegas.
- Adaptables ao espazo escénico que dispoñemos (Local Xente Nova en Tabeaio).
- Obras preferentemente contrastadas na súa calidade ou de compañías de prestixio recoñecido.
- Que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.
- Con cachés axustados ás condicións orzamentarias coas que dispón o Concello de Carral e preferentemente incluídas na Rede Cultural da Deputación da Coruña.
- Evitar repetir a curto prazo a esollas das mesmas compañías, propiciando a contratación e subsistencia do maior número posible de empresas teatrais galegas.
- Valorar moi polo miúdo o nivel de risco na esollas de espectáculos menos convencionais e dirixidos a públicos máis especializados. Facelo desde a responsabilidade da xestión do diñeiro público, da creación de públicos e da defensa da diversidade cultural e dos xéneros minoritarios.

- A inclusión dalgunha obra de compañías non profesional faise tendo en conta a calidade do espectáculo e a traxectoria do grupo, dándosele preferencia ás agrupacións locais. Na comunicación da programación especificaríase o carácter amador do espectáculo.

Vistas estas consideracións, avanzamos na análise cos datos dos próximos apartados.

PROGRAMA

Teatro de Outono de Carral 2024 contou coa seguinte programación:

4 de outubro	<i>Apaga o candil</i>	Contraproducións
11 de outubro	<i>Saíndo do cerco</i>	Teatro do Miolo
12 de outubro	<i>Diente de leche</i>	Titirifué e Titiritainas (*)
18 de outubro	<i>O auto do Castromil</i>	Prod. Teatrais Excéntricas
25 de outubro	<i>Testosterona</i>	Malasombra
26 de outubro	<i>Emotivas</i>	Titiritres (*)
1 de novembro	<i>Iphixenia na porta do súper</i>	Compañía Humana
8 de novembro	<i>Made in Galicia</i>	Sarabela Teatro
15 de novembro	<i>Chicago</i>	Teatro Arroutada (**)
16 de novembro	<i>La Profecía</i>	A Tropa do Rueiro (**)
22 de novembro	<i>Solo</i>	Roi Borrallas
29 de novembro	<i>Crisálida</i>	Caramuxo Teatro

(*) espectáculos infantís de monicreques incluídos no Festival Galicreques

(**) espectáculos de compañías de teatro amador

OUTONO CARRAL

Local Xente Nova de Tabeaio

APAGA O CANDIL

Contraproducións

venres 4 outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 10 anos

SAÍNDO DO CERCO

Teatro do Miolo

venres 11 outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 10 anos

DIENTE DE LECHE

Titerefué e Titiritainas Teatro de Títeres

Festival GALICREQUES

sábado 12 outubro - 19:00 h.

Idades recomendadas: maiores de 4 anos

O AUTO DO CASTROMIL

Producións Teatrais Excéntricas

venres 18 outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

TESTOSTERONA

Malasombra

venres 25 outubro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 16 anos

EMOTIVAS

Titiritres

Festival GALICREQUES

sábado 26 outubro - 19:00 h.

Idades recomendadas: maiores de 3 anos

IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER

Compañía Humana

venres 1 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

MADE IN GALICIA

Sarabela Teatro

venres 8 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 12 anos

CHICAGO

Teatro Arroutada de Carral

(teatro amator)

venres 15 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 10 anos

LA PROFECÍA

A Tropa do Rueiro de Tabeaio

(teatro amator)

sábado 16 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 10 anos

SOLO

Roi Borrallas

venres 22 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 4 anos

CRISÁLIDA

Caramuxo Teatro

venres 29 novembro - 20:30 h.

Idades recomendadas: maiores de 4 anos

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.
Unha vez iniciadas as funcións non se permitirá o acceso á sala.



METODOLOXÍA

Os datos cos que se confecciona este informe obtivéronse mediante:

- enquisas cubertas por asistentes aos espectáculos
- datos de contratación e de facturación de dereitos de autor á SGAE
- observación directa

Das primeiras recolléronse datos relativos á satisfacción do público coas obras, idades e lugares de procedencia (parroquias de Carral e municipios veciños). O cuestionario podía atender accedendo mediante un código QR dispoñible por diferentes lugares da sala.

A enquisa tiña unha segunda parte que cada persoa podía atender nunha única ocasión. Recollía información sobre hábitos de consumo teatral e sobre algúns aspectos xerais do ciclo Teatro de Outono.

Cos datos de contratación e facturación de dereitos de autor elaboramos o resumo económico do programa. Mediante a observación directa atendemos a información sobre os índices que se asignarían na valoración sobre igualdade de xénero.


Os resultados ofrécese en táboas e gráficos que permitan unha doada e rápida interpretación dos datos. Desagregaremos datos por funcións e calcularanse os globais e porcentaxes. No último apartado do informe achéganse as fichas de avaliación por espectáculo cos datos recollidos dos espectadores que atenderon os cuestionarios.

DATOS


En primeiro lugar ofrecemos datos de asistencia, tanto por obra, como o total e por sexo:

Asistencia de público por espectáculos			
	Total	Homes	Mulleres
<i>Apaga o candil</i>	65	28	37
<i>Saíndo do cerco</i>	62	22	40
<i>Diente de leche</i>	42	8	34
<i>O auto do Castromil</i>	124	50	74
<i>Testosterona</i>	140	60	80
<i>Emotivas</i>	42	20	22
<i>Iphixenia na porta do súper</i>	93	40	53
<i>Made in Galicia</i>	104	45	59
<i>Chicago</i>	175	75	100
<i>La Profecía</i>	102	41	61
<i>Solo</i>	104	42	62
<i>Crisálida</i>	98	40	58
TOTAL	1.151	471	680
%	100%	41	59

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia



Facendo un seguimento dos niveis de asistencia aos espectáculos desta programación teatral, apúntanse a continuación as medias de asistencia desde 2017:

Media de asistentes en Teatro de Outono	
Edición	Media
2017	65
2018	62
2019	67
2020	53
2021	73
2022	109
2023	117
2024	96

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

A evolución no número de espectáculos incluídos no programa Teatro de Outono de Carral mantén unha tendencia á alza, chegando neste ano ao máximo da serie a analizar.

Nº espectáculos en Teatro de Outono	
Edición	Nº
2017	7
2018	6
2019	9
2020	8
2021	8
2022	10
2023	9
2024	12

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Neste informe de avaliación achegamos información dos custos da contratación de cada espectáculo. Así, resumimos na seguinte táboa os datos referidos a caché, equipamento técnico que se lle contrata a cada compañía e os dereitos de autor facturados pola SGAE se é o caso. Todos os importes inclúen o IVE correspondente. Hai que indicar que se presentan importes dos dereitos de autoría xa facturados pola SGAE. Resulta probable que ao longo do 2025 facturen algúns dereitos pendentes.

Espectáculo	Caché	Técnica	SGAE	Subtotal €
<i>Apaga o candil</i>	2.964,50	200,00	108,90	3.273,40
<i>Sáíndo do cerco</i>	1.650,00	330,00		1.980,00
<i>Diente de leche</i>	500,00			500,00
<i>O auto do Castromil</i>	3.267,00	605,00	96,80	3.969,80
<i>Testosterona</i>	3.388,00	484,00	52,77	3.924,77
<i>Emotivas</i>	600,00	-		600,00
<i>Iphixenia na porta do súper</i>	1.895,00	435,00		2.330,00
<i>Made in Galicia</i>	2.900,00	245,00		3.145,00
<i>Chicago</i>	500,00			500,00
<i>La Profecía</i>	0	0		0
<i>Solo</i>	3.146,00	1.000,00		4.146,00
<i>Crisálida</i>	2.900,00	100,00	52,77	3.052,77
Total	23.710,50	3.399,00	311,24	27.420,74

Fonte: elaboración propia

Advertir destes datos que as funcións incluídas en Galicreques contan cun caché bonificado grazas ás subvencións coas que goza o festival. Pola súa banda a agrupación A Tropa do Rueiro coa función *La Profecía* renunciou á axuda de 500 € ofrecida polo Concello de Carral.




Fonte: elaboración propia

Se temos en conta o gasto e a asistencia de público por cada espectáculo, podemos obter o resultado do investido polo Concello de Carral en cada asistente, considerando só os gastos relacionados á contratación de cada compañía.

Espectáculo	Gasto	Asistentes	€ / asistente
<i>Apaga o candil</i>	3.273,40	65	50,36
<i>Saíndo do cerco</i>	1.980,00	62	31,94
<i>Diente de leche</i>	500,00	42	11,90
<i>O auto do Castromil</i>	3.969,80	124	32,01
<i>Testosterona</i>	3.924,77	140	28,03
<i>Emotivas</i>	600,00	42	14,29
<i>Iphixenia na porta do súper</i>	2.330,00	93	25,05
<i>Made in Galicia</i>	3.145,00	104	30,24
<i>Chicago</i>	500,00	175	2,86
<i>La Profecía</i>	0	102	0,00
<i>Solo</i>	4.146,00	104	39,87
<i>Crisálida</i>	3.052,77	98	31,15
Total	27.420,74	1.151	23,82


Fonte: elaboración propia



A Deputación da Coruña, a través da súa Rede Cultural, é a principal facilitadora para configurar a programación de Teatro de Outono de Carral, proporcionando un retorno do 60% dos cachés e equipamento técnico.

Proporción de obras incluídas na Rede Cultural	
Programa	Nº obras
Rede Cultural	8
Outras (amador e Galicreques)	4

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Para elaborar esta análise contestáronse 335 enquisas

Traballamos agora cos datos das enquisas, que foron contestadas por un 29,10% do total de asistentes, o que supón un total de 335 cuestionarios atendidos cando menos no seu apartado sobre a obra correspondente á enquisa -lembramos que había unha segunda parte sobre hábitos de consumo teatral que só se debía contestar nunha ocasión pola mesma persoa-.


Cuestionarios atendidos para valoración das obras			
	Asistentes	Respostas	%
<i>Apaga o candil</i>	65	24	36,9
<i>Sáíndo do cerco</i>	62	16	25,8
<i>Diente de leche</i>	42	2	4,8
<i>O auto do Castromil</i>	124	47	37,9
<i>Testosterona</i>	140	49	35
<i>Emotivas</i>	42	8	19
<i>Iphixenia na porta do súper</i>	93	23	24,7
<i>Made in Galicia</i>	104	37	39,8
<i>Chicago</i>	175	42	24
<i>La Profecía</i>	102	29	28,4
<i>Solo</i>	104	33	31,7
<i>Crisálida</i>	98	25	25,5
TOTAL	1.151	335	-
%	100%	29,10%	

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Mantense a tendencia de que o conxunto dos cuestionarios foron contestados maioritariamente polo grupo de idade de entre 41 e 65 anos, o que supón un reflexo do grupo maioritario que asiste ás funcións.



Fonte: elaboración propia

Facíanselles 4 preguntas sobre a súa valoración das obras:

- Que puntuación lle concede á obra?
- Recomendaríalle esta obra ás súas amizades?
- Que 2 aspectos lle gustaron máis da obra?
- Cal foi o nivel de dificultade para entender a obra?


As outras preguntas atinxen ao seu grupo de idade, xénero e sobre o lugar de procedencia, así como dábase a posibilidade de facer algún comentario ou suxestión.

Como anexos a este informe incorpóranse as fichas de avaliación resultantes das respostas do público.

Resumimos a continuación os principais datos obtidos, comezando polas puntuacións concedidas (do 1 ao 5) a cada espectáculo:

Puntuacións das obras	
<i>Apaga o candil</i>	4,6
<i>Sáíndo do cerco</i>	4,5
<i>Diente de leche</i>	5
<i>O auto do Castromil</i>	4,7
<i>Testosterona</i>	4,9
<i>Emotivas</i>	5
<i>Iphixenia na porta do súper</i>	4,1
<i>Made in Galicia</i>	4,6
<i>Chicago</i>	4,7
<i>La Profecía</i>	4,6
<i>Solo</i>	4,9
<i>Crisálida</i>	4,8
Puntuación media	4,7

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Cando se lles pediu valorar se recomendarían a obra a amizades, os resultados en porcentaxe de respostas afirmativas foron os seguintes:

Recomendación das obras (% que SI recomenda)	
<i>Apaga o candil</i>	91%
<i>Saíndo do cerco</i>	100%
<i>Diente de leche</i>	100%
<i>O auto do Castromil</i>	98%
<i>Testosterona</i>	100%
<i>Emotivas</i>	100%
<i>Iphixenia na porta do súper</i>	83%
<i>Made in Galicia</i>	97%
<i>Chicago</i>	95%
<i>La Profecía</i>	100%
<i>Solo</i>	100%
<i>Crisálida</i>	100%
Promedio	97%

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Tendo en conta as respostas do público, podemos facer un cómputo total das valoracións dos aspectos que máis gustaron das obras presentadas no ciclo:

Valoración xeral aspectos das obras	
O que contaba (texto)	157
Actores / Actrices	255
Posta en escena	89
Música	33
Que me fixo rir	70
Que me fixo chorar	5
Ningún	3

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Estes resultados considerarémolos con prudencia xa que non todas as obras teñen o mesmo nivel de características en cada un dos aspectos preguntados. Si que serven quizais para obter conclusións sobre os aspectos mellor considerados.

Preguntouse aos espectadores sobre o nivel de dificultade que tiña cada obra para a súa comprensión, empregando unha escala do 1 ao 5 na que o 1 corresponde a *Ningunha dificultade* e o 5 a *Moita dificultade*. Xúntanse nunha mesma gráfica os valores obtidos nos oitos espectáculos.

Nivel de dificultade	Apaga o candil	Saíndo do cerco	Diente de leite	O auto Castromil	Testosterona	Emotivas	Iphixenia na porta do súper	Made in Galicia	Chicago	La Profecía	Solo	Crisálida
1 ningunha	20	16	2	30	43	7	17	29	28	25	29	22
2	0	0	0	9	2	1	2	4	4	1	1	0
3	2	0	0	3	0	0	2	2	3	0	0	0
4	1	0	0	4	0	0	1	1	7	0	0	1
5 moita	1	0	0	1	3	0	1	1	0	2	3	2

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Para a planificación das estratexias de captación de novos públicos para o teatro, resúltanos de interese coñecer de que lugares proceden os espectadores, tanto no ámbito local (parroquias do municipio de Carral), como dos concellos próximos. Aínda que nas enquisas era unha mesma pregunta, trataremos separadamente os datos das parroquias e dos concellos:


Procedencia dos espectadores (parroquias)	
Taboao	74
Paleo - Carral	99
Cañás	6
Sergude	6
San Vicente de Vigo	11
Sumio	8
Quembre	4
Beira	7

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

No mapa do municipio de Carral salientamos o emprazamento do Local Xente Nova no que se desenvolve o ciclo teatral por se pode resultar útil valorar a súa situación xeográfica dentro do concello.




Fonte: elaboración propia



Extraemos das enquisas os datos de espectadores que se achegaron desde outros concellos da área metropolitana da Coruña:


Procedencia dos espectadores (concellos)	
Abegondo	18
Culleredo	21
Cambre	31
A Coruña	40
Oleiros	2
Sada	4
Betanzos	0
Bergondo	0
Arteixo	0

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Podemos visualizar nun mapa da comarca das Mariñas o resultado da agrupación destes datos.



Fonte: elaboración propia


A concellería de Cultura do Concello de Carral, no seu sistema de avaliación da programación municipal cultural, fai unha valoración do aspecto de igualdade de xénero, outorgando a cada actividade ou espectáculo unha cualificación segundo os seguintes parámetros:

- **A:** Sen presenza da muller en ningunha faceta salientable da obra.
- **B:** Presenza feminina nalgunha faceta visible da obra (elenco) e texto respectuoso coa muller.
- **C:** Presenza feminina en varias facetas da obra e texto que promova a figura da muller.
- **D:** Presenza maioritaria da muller nas principais facetas da obra (texto, dirección, elenco, técnica...) e texto que promova a figura da muller.

Con estas variables, o programador asignou a seguinte clasificación ás obras do ciclo:

Clasificación por igualdade de xénero	
<i>Apaga o candil</i>	A
<i>Sáíndo do cerco</i>	B
<i>Diente de leche</i>	C
<i>O auto do Castromil</i>	B
<i>Testosterona</i>	C
<i>Emotivas</i>	C
<i>Iphixenia na porta do súper</i>	D
<i>Made in Galicia</i>	B
<i>Chicago</i>	D
<i>La Profecía</i>	C
<i>Solo</i>	A
<i>Crisálida</i>	C

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia


As enquisas en liña contaban con dúas partes. A primeira preguntaba sobre as cuestións directamente relacionadas co espectáculo que acababan de ollar e a segunda parte atendía a cuestións vencelladas cos hábitos de consumo de teatro. A segunda parte do cuestionario só debía ser atendido nunha única ocasión. **Foron 135 persoas as que contestaron esta parte da enquisa.**

Comezamos consultando sobre o día da semana que prefiren para asistir ao teatro. As conclusións desta pregunta hai que tomalas con precaución porque llo estamos a preguntar a quen xa asiste os venres, agás dúas funcións de Galicreques que se programaron o sábado.

Día da semana idóneo para ir ao teatro	
Día	Suma
Xoves	10
Venres	100
Sábado	53
Domingo	20

Fonte: elaboración propia

Día da semana idóneo para ir ao teatro



Fonte: elaboración propia




Sobre a hora preferida para o inicio das funcións, obtéñense os seguintes resultados:

Hora preferida para inicio das obras	
Hora	Suma
20:00 h	37
20:30 h.	83
21:00 h.	36
21:30 h.	12

Fonte: elaboración propia

Hora preferida para inicio das obras




Fonte: elaboración propia

Preguntouse tamén sobre con quen asiste de cotío ao teatro:

Con quen asiste ao teatro	
Opcións	Suma
Só/soa	10
En parella	56
En familia	38
Con amizades	30

Fonte: elaboración propia

Con quen asiste ao teatro




Fonte: elaboración propia

Existen diversos factores que inflúen no público para asistir a unha función de teatro. Preguntámoslle sobre eles:

Factores que inflúen para asistir a un espectáculo	
Opcións	Suma
A compañía teatral	54
Actores	44
Xénero	68

Día e hora	66
Recinto	9
Acceso	15
Hostelería	2
Recomendacións	28
Prezo da entrada	18

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Para coñecer as súas preferencias nas artes escénicas, preguntamos sobre a que tipo de espectáculos asistiron no último ano. As respostas lanzan os seguintes resultados:

Outro tipo de espectáculos aos asistiu	
Opcións	Suma
Teatro infantil	30
Teatro musical	25
Danza	18
Maxia	13
Novo circo	11
Monólogo	79
Performance	23
Outro	5

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Á pregunta “Cantas veces ao ano vai ao teatro?”, obtivéronse as seguintes respostas:

Cantas veces ao ano vai ao teatro	
Opcións	Suma
Entre 1-3	30
Entre 4-5	28
Entre 6-10	31
Máis 10	39

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Plantexámoslle se nos últimos anos aumentou o seu interese polo teatro. A continuación presentamos os resultados:

Aumentou o seu interese polo teatro	
Opcións	Suma
Si	117
Non	13

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Para coñecer a que outros municipios se despraza o noso público para gozar do teatro, formulámoslle a pregunta que nos deu os seguintes resultados:

Outros municipios aos que asiste ao teatro	
Opcións	Suma
A Coruña	84
Cambre	20
Culleredo	40
Abegondo	11
Arteixo	13
Oleiros	20
Sada	13
Betanzos	19
Laracha	1
Santiago	7
Narón	2
Ordes	3
A ningún outro	11

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Pedísmolle a opinión sobre os motivos que consideran que inflúen nas persoas que non asisten a espectáculos de teatro.

Motivos que outras persoas teñen para non ir ao teatro	
Opcións	Suma
Pensan que é aburrido	35
Descoñecen a oferta próxima	56
Pensan que é elitista	8
Dificultades para desprazarse	11
Dificultades económicas	3
Non queren dedicarlle tempo	36
Dificultades para conciliar	15
Outros compromisos	13
Outros motivos	4

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Lanzouse a pregunta para que os espectadores que atenderon a enquisa deran suxestións para mellorar a programación de teatro en Carral.

Que facer para mellorar a programación de teatro en Carral	
Opcións	Suma
Repartir a oferta ao longo do ano	51
Incluindo Danza	6
Incluindo Maxia	11
Incluindo Circo	6
Mellorando as instalacións	29
Dispoñendo dun auditorio	49
Programan teatro de fóra de Galicia	6
Aumentando nº de teatro infantil	13
Programando máis comedia	33
Incluindo máis teatro contemporáneo	7
Incluindo máis teatro afeccionado	15

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

Rematamos a avaliación coas respostas a tres preguntas sobre o ciclo Teatro de Outono de Carral, para coñecer a súa percepción sobre a calidade desta programación, sobre os aspectos de sustentabilidade e igualdade de xénero, e sobre se consideran oportuno pagar entrada polos espectáculos do ciclo.

Valoración da calidade de Teatro de Outono de Carral	
Opcións	Suma
1 Sen calidade	0
2	0
3	13

4	55
5 Moita	49


Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Cre que en Teatro de Outono se atenden aspectos de igualdade e sustentabilidade?	
Opcións	Suma
Si	93
Non	2
Só os de xénero	2
So os de sustentabilidade	0
NS/NC	29


Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Cre que se debe pagar entrada en Teatro de Outono	
Opcións	Suma
Si	44
Non	41
NS/NC	41

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

CONCLUSIÓN

Cos datos que vimos de presentar, podemos obter algunhas conclusións:

- Os espectáculos de compañías amadoras locais seguen a demostrarse como as que son capaces de convocar un maior número de espectadores, se ben son sabidos que as motivacións para a asistencia non coinciden no seu conxunto coas que ten o público do teatro profesional.
- As propostas que se incluíron do festival Galicreques foron as de menor asistencia de público, aínda que están nas cifras medias de asistencia a espectáculos infantís de artes escénicas doutros programas municipais.
- Hai un leve descenso na evolución da media de asistencia. Se descartamos as cifras das funcións de monicreques, a media de asistencia resultante sería de 107, o que supón unha cantidade moi semellante á de 2022.

- Tamén foi nos espectáculos de monicreques nos que se conseguiu un menor número de enquisas cubertas, sobre todo no de *Diente de leche*, que axuda pouco a obter conclusións fiables da percepción do público sobre a obra.
- A proporción mulleres / homes entre o público segue a ser a habitual neste tipo de propostas culturais, estando arredor do 60 % de mulleres e o 40% de homes.
- Mantense o grupo de idade de entre os 41 e 65 anos como o maioritario a responder os cuestionarios, o que se corresponde coa mesma proporción cos grupos de idade dos espectadores.
- Todas as puntuacións ás obras concedidas polo público foron altas, o cal demostra o acerto na selección da programación.
- A interpretación de actores e actrices segue a ser o aspecto que mellor puntúa o público, seguido do texto das obras.
- A Rede Cultural da Deputación da Coruña resulta esencial para poder configurar con calidade a programación deste ciclo.
- A procedencia dos espectadores, cando nos referimos ao eido local, seguen sendo das contornas urbanas e máis próximas, sendo moi pobres os niveis de asistencia desde as parroquias rurais.
- Se nos referimos á procedencia desde outros concellos, é A Coruña a que máis espectadores achega, seguida de Cambre, Culleredo e Abegondo.
- A atención á igualdade de xénero no deseño da programación do ciclo achéganos cifras satisfactorias, na mesma liña do percibido polos espectadores na resposta a esta pregunta.
- O venres é o día maioritariamente preferido para ir ao teatro. Teñamos en conta nesta conclusión que a obtémola de respostas de persoas que asistiron maioritariamente un venres ao teatro.
- A hora preferida pola maioría para ir ao teatro é as 20:30 h. Facemos a mesma advertencia que no punto anterior sobre o resultado desta conclusión.
- O modo preferido para ir ao teatro é en parella, seguido de en familia.
- O factor que máis determina a decisión para escoller asistir ao teatro é o xénero, seguido do día e hora da proposta, da compañía teatral e do elenco.
- Os monólogos stand up son, con bastante distancia a outros tipos de xéneros, a alternativa máis escollida polo público para asistir a un espectáculo de artes escénicas diferente ao teatro.

- A parte maioritaria do público indica un aumento no seu interese polo teatro.
- Cando os nosos espectadores se desprazan a outros concellos para asistir ao teatro, fano maioritariamente á Coruña, e en segundo lugar a Culleredo.
- O público que asiste ao teatro opina que as persoas que non o fan é por motivos de que descoñecen a oferta próxima, non queren dedicarlle tempo ou pensan que é aburrido.
- Repartir a oferta teatral ao longo do ano e dispoñer dun auditorio son, a opinión dos espectadores, factores necesarios para mellorar a programación teatral en Carral.
- O público concédelle unha puntuación entre alta e moi alta ao ciclo Teatro de Outono de Carral.
- Non existe claridade na opción de cobrar ou non entrada nos espectáculos deste ciclo teatral.



ANEXOS (FICHAS DE AVALIACIÓN POR ESPECTÁCULO)

Nas seguintes páxinas achéganse as fichas de avaliación por espectáculo confeccionadas cos resultados dos cuestionarios atendidos polos espectadores.

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Apaga o candil**

Compañía: **Contraproducións**


Data: 4 de outubro de 2024

Nº de asistentes: 65 // Nº cuestionarios contestados: 24 // % respostas/asistencia: 36,9 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,6**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Apaga o candil**


Compañía: **Contraproducións**

Data: 4 de outubro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Impresionante.
- Brutal!!! Muy buena obra y excepcional interpretacion
- Excelente obra
- Grazas por dar a coñecer a nosa historia.

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Saíndo do cerco**

Compañía: **Teatro do Miolo**


Data: 11 de outubro de 2024

Nº de asistentes: 62 // Nº cuestionarios contestados: 16 // % respostas/asistencia: 25,8 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): 4,5


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:




AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Sáíndo do cerco**
Compañía: **Teatro do Miolo**
Data: 11 de outubro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Encantoume
- Lo pasé muy bien
- Una obra preciosa, me gustó, la recomiendo 100%. Los actores lo hicieron genial. Mis enhorabuenas.

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: ***Diente de leche***

Compañía: **Titirifue e Titiritainas (Galicreques)**


Data: 12 de outubro de 2024

Nº de asistentes: 42 // Nº cuestionarios contestados: 2 // % respostas/asistencia: 4,8 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): 5


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: ***Diente de leche***


Compañía: **Titirifue e Titiritainas (Galicreques)**

Data: 12 de outubro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **O auto do Castromil**

Compañía: **Prod. Teatrais Excéntricas**


Data: 18 de outubro de 2024

Nº de asistentes: 124 // Nº cuestionarios contestados: 47 // % respostas/asistencia: 37,9 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,7**


Recomendaría a obra a amigos ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: ***O auto do Castromil***


Compañía: **Prod. Teatrais Excéntricas**

Data: 18 de outubro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Para cando un auditorio, decente
- Sería bo dispoñer en Carral dun edificio específico, tipo auditorio, con mellor acustica, visibilidade, comodidade e mais adaptado para actuacións teatrais e artísticas
- Que ao saír, voltamos á triste realidade dun pobo colonizado.
- Carral precisa dun auditorio en condicións
- Un luxo poder desfrutar destes actores , promovido polo concello.
- Espectacular! Parabéns!
- Galiza ceibe
- Los actores actuaron muy bien, y tienen una puesta en escena fantástica, pero no me gustan las obras politizadas. Siempre critican o se burlan del mismo lado. Sería algo que cambiaría, nada de obras que traten de política. Gracias

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Testorterona**

Compañía: **Malasombra**


Data: 25 de outubro de 2024

Nº de asistentes: 140 // Nº cuestionarios contestados: 49 // % respostas/asistencia: 35 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,9**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Testorterona**


Compañía: **Malasombra**

Data: 25 de outubro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Eu entereime da obra pola páxina web de Malasombra, esta opción non a podía escoller. Moitas gracias por esta aposta pola cultura . Desexamos repetir!
- Gran colega d cultura e grandísimos actores
- Fantástico espectáculo e iniciativa para manter actividades deste tipo. Agradecida
- Enhoraboa e a pola seguinte!!
- Mais obras así
- Muy bien
- Xenial.
- Se tocan a unha, tócannos a todas! Machismo nunca máis!!!
- Auditorio, para cando.
- Todo moi bo.
- Brillante. A calidade actoral impresionante.
- Os actores como sempre estupendos. Grazas pola vosa labor.

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Emotivas**

Compañía: **Títiritres**


Data: 26 de outubro de 2024

Nº de asistentes: 42 // Nº cuestionarios contestados: 8 // % respostas/asistencia: 19 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): 5,0


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Emotivas**


Compañía: **Títiritres**

Data: 26 de outubro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Estuvo super bien. Los peques se rieron un montón
- Un bizum para facer una donación
- O meu fillo non para nunca, mas aguantou toda a obra moi contento (ten menos de 3 anos)
- Una obra increíble con valores muy positivos en esta edad

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: *Iphixenia na porta do súper*

Compañía: **Compañía Humana**


Data: 1 de novembro de 2024

Nº de asistentes: 93 // Nº cuestionarios contestados: 37 // % respostas/asistencia: 40 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,1**


Recomendaría a obra a amigos ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: *Iphixenia na porta do súper*


Compañía: **Compañía Humana**

Data: 1 de novembro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Entendiase mal. En intres mala dicción da actriz
- Verdade verdadeira. Os recortes matan!

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Made in Galicia**

Compañía: **Sarabela Teatro**


Data: 8 de novembro de 2024

Nº de asistentes: 93 // Nº cuestionarios contestados: 37 // % respostas/asistencia: 40 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,6**


Recomendaría a obra a amigos ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Made in Galicia**


Compañía: **Sarabela Teatro**

Data: 8 de novembro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Ventilar mais o salon
- Mais ciclos de teatro asi todo o ano
- Maravilloso!! Moitas grazas
- Divertida e intelixente obra teatral
- Moitas grazas pola aposta pola cultura que facedes dende o concello / asociacións .
- Un texto e obra moi recomendado para os estudantes da ESO
- Un desastre, cando se extinga ana querer clonar!

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Chicago**

Compañía: **Teatro Arroutada**


Data: 15 de novembro de 2024

Nº de asistentes: 175 // Nº cuestionarios contestados: 42 // % respostas/asistencia: 24 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,7**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Chicago**


Compañía: **Teatro Arroutada**

Data: 15 de novembro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Una obra espectacular
- Máis musicales, por favor!
- Viva o teatro aficionado! Promoción da cultura dos veciños!
- Para estas actuación e traballo me parecería lóxico q fuera de pago!por el traballo que tienen
- A obra estivo moi ben e foi moi entreteñida. Moi recomendable
- Sigam promocionando a cultura.Gracias.

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **La profecía**

Compañía: **A tropa do Rueiro**


Data: 16 de novembro de 2024

Nº de asistentes: 102 // Nº cuestionarios contestados: 29 // % respostas/asistencia: 28 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,6**


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **La profecía**


Compañía: **A tropa do Rueiro**

Data: 16 de novembro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Gustanos ver que a xente da parroquia ten iniciativa para facer estas actividades.
- Tuvo fantástica encantoume.
- Creo que se debería investir mas en las infraestructuras del escenario, como mas mobiliario y luces. Lo necesario para una mejor función.
- Que me supo a poco.
- Que se me fixo moi curto. Xenial.
- Pareceume curta de duración

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Solo**

Compañía: **Roi Borrallas**


Data: 22 de novembro de 2024

Nº de asistentes: 104 // Nº cuestionarios contestados: 33 // % respostas/asistencia: 32 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): **4,9**


Recomendaría a obra a amigos ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Solo**


Compañía: **Roi Borrallas**

Data: 22 de novembro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Marabilla
- Buenísimo. Gracias.
- Excelente!
- Grazas
- Me encantou, a mímica e a expresividade.
- Espectacular!!
- Alucinante o traballo corporal que hai detrás. Moi emocionante e emotivo.
- Xenial! Grazas.
- Non entendín cando o actor se dirixiu a multitude con termo feminino cando había xente dos dous xéneros na sala.
- É marabilloso ver persoas con tanto talento.
- Fantástica a música e perfecto o actor.
- Gustoume moito
- Más espectáculos para niños

AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Crisálida**

Compañía: **Caramuxo Teatro**


Data: 29 de novembro de 2024

Nº de asistentes: 98 // Nº cuestionarios contestados: 25 // % respostas/asistencia: 26 %

Xéneros de quen contestou a enquisa




Idades das persoas que contestaron o cuestionario




Puntuación promedio concedida polo público (máximo 5): 4,8


Recomendaría a obra a amizades ou familiares:




Aspectos que máis gustaron da obra:



Dificultade para entender a obra



Como coñeceu a programación da obra:



AVALIACIÓN

Ciclo Teatro de Outono de Carral 2024




Obra: **Crisálida**


Compañía: **Caramuxo Teatro**

Data: 29 de novembro de 2024

Lugar de procedencia



Factores a corrixir na función



Comentarios de persoas que atenderon o cuestionario (mantense a literalidade das respostas):

- Son obras que se deben ver
- Moló
- Excelente!
- Recrea perfectamente a miña nenez coa miña mai costureira.
- Preciosa
- Gracias
- Bravas! Grazas
- Encantame esta iniciativa
- Bravas!
- Marabillosa. Moitas grazas
- Me encantou a mellor obra!